ASINADO POR: Xefe Servizo Medio Ambiente, Sanidade E Consumo (Secundino Otero Failde) 2019-01-31T10:56:04+01:00 - Técnica Formación E Avaliación Rr.hh. (M. Sonia Estrada Ibáñez) 2019-01-31T14:01:34+01:00 -

Documento asinado



## ANUNCIO DE PUNTUACIÓNS FINAIS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

O órgano de selección do proceso selectivo para a provisión en propiedade, de unha praza de funcionario de carreira alguacil-notificador (E), vacante no cadro de persoal do Concello Vigo do ano 2014, sistema de selección concurso-oposición, quenda promoción interna (bases e convocatoria publicadas no BOPPO 26/03/2018), acordou:

"A base V, parágrafo final, das específicas que rexen este proceso selectivo establece que a cualificación de cada exercicio e a final farase de acordo co previsto na base 10ª das xerais.

A base 10ª das xerais sinala que a puntuación obtida polo aspirante na fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzada na fase de oposición e que a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso -cos límites expostos-, e cos restantes exercicios da oposición suporá a puntuación total da proba selectiva, que servirá para elaborar a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación.

A tal efecto, o órgano de selección procede a suma das puntuacións obtidas polo único aspirante no proceso selectivo resultando o seguinte:

| Nº | APELIDOS E NOME | DNI | PUNTUACIÓN CONCURSO | PUNTUACIÓN 1º EXERCICIO | PUNTUACIÓN 2º EXERCICIO | PUNTUACIÓN FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | BUENO ALONSO, DIEGO | 5***8*97* | 2,60 | 8,00 | 9,125 | 19,725 |

## PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Rematadas todas as probas previstas para este proceso selectivo e á vista dos resultados finais reflectidos na anterior táboa, ó abeiro do disposto nas súas bases reitoras, o órgano de selección acorda, por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte PROPOSTA:

"Propoñer o nomeamento como funcionario de carreira, unha vez que acheguen toda a documentación esixida nas bases, e con cargo a unha praza vacante de ALGUACIL-NOTIFICADOR, enmarcada no subgrupo transitorio E para os efectos de titulación; escala administración especial; subescala, servizos especiais; clase, cometidos especiais; que figura incluída na Oferta de Emprego Público 2014 do Concello de Vigo, ó seguinte aspirante que superou o proceso selectivo:

1º.- A D. DIEGO BUENO ALONSO, DNI 53188397T, que acadou unha puntuación final de 19,725 puntos."

O que se fai público para coñecemento e notificación ao interesado, mediante a inserción deste anuncio na Web municipal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello ao abeiro da base novena das xerais que rexen o proceso selectivo en relación co artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; indicándolles que contra este acordo do órgano de selección, acto de trámite cualificado que decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 31/01/2019 14:05 | Páxina 1 de 2 |
|---|---|---|
| Expediente 33219/220 | CSV: 23EF5H-E1C4D7-BFCA89-SNBEZB-MF2A6P-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Xefe Servizo Medio Ambiente, Sanidade E Consumo (Secundino Otero Faílde) 2019-01-31T10:56:04+01:00 - Técnica Formación E Avaliación Rr.hh. (M. Sonia Estrada Ibáñez) 2019-01-31T14:01:34+01:00 -

Documento asinado

Local do Concello de Vigo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio (artigos 112, 121 e 122 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Lémbrase ao aspirante que superou o proceso selectivo que, de conformidade coas bases xerais, apartado A) Persoal funcionario, base Décimo terceira, que rexen o proceso selectivo, deberá presentar na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta, no prazo de 20 días naturais, contados a partir da publicación deste anuncio.

Quen tivese a condición de empregado/a público/a está exento/a de presentar a documentación acreditativa de condicións e requisitos xa acreditados no momeamento da súa toma de posesión, substituíndoa por un certificado ao efecto do organismo no que prestou os seus servizos, salvo que sexa no Concello de Vigo que se fará de oficio.

No suposto de promoción interna non é preciso aportar a documentación que obre en poder da Administración.

O que se fai público para coñecemento do aspirante

A presidenta do órgano de selección — O secretario do órgano de selección

Sonia Estrada Ibáñez — Secundino Otero Faílde



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 31/01/2019 14:05 | Páxina 2 de 2 |
| Expediente 33219/220 | CSV: 23EF5H-E1C4D7-BFCA89-SNBEZB-MF2A6P-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |